

XEOGRAFÍA DE ESPAÑA. 2º BACHARELATO

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

IES RIBEIRA DO LOURO (O PORRIÑO)

2019-20

A xeografía ocúpase especificamente do espazo, as paisaxes e as actividades que se desenvolven sobre o territorio, e analiza a relación entre a natureza e a sociedade, así como as súas consecuencias. Ten como obxectivo a comprensión do territorio, produto da interrelación de múltiples factores, e, ademais, que o alumnado poida explicar a realidade xeográfica española, con especial atención ao territorio galego, como referente e identidade próxima. Grazas a este coñecemento adquirido, a xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural: desta maneira, a materia de Xeografía participa moi profundamente na formación en valores no eido dos principios do desenvolvemento sustentable e o medio, como recurso escaso e non renovable.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, e imaxes ou estatísticas de distinto tipo) achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía proposta neste curso ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da coevolución socioecolóxica dos territorios.

A distribución de contidos que se propón pretende afianzar os coñecementos sobre xeografía adquiridos na ESO e, por outra banda, afondar no coñecemento da ciencia xeográfica para proporcionar as conexións con opcións posteriores.

A xeografía de España non pode concibirse só na diversidade que lle proporcionan as comunidades autónomas, senón que é necesario coñecer ademais as interdependencias que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE), xa que estes aspectos teñen a súa tradución nos procesos de organización do territorio. Os conxuntos espaciais cos que o noso país se relaciona (UE, áreas xeograficamente próximas e outras zonas do mundo cuxos aspectos políticos, sociais e económicos manteñen relacións con España) inclúense nun tema final que contextualizará España nas súas relacións coa UE e co resto do mundo. Ademais, a través destes coñecementos rescátanse os aspectos aprendidos polo alumnado que non deben perderse.

Os primeiros temas conteñen os coñecementos básicos para a construción do coñecemento xeográfico do país e para explicar a variedade de paisaxes de España.

Obxectivos para o curso

1. Comprender e explicar o territorio galego e español como un espazo dinámico, caracterizado polos contrastes e a complexidade territorial, resultado da interacción de decisións políticas e de procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais, que actuaron nun marco natural e histórico.
2. Identificar e comprender as interrelacións das variables que interveñen na organización do territorio para analízalo e interpretalo criticamente, empregando con corrección tanto as técnicas como o vocabulario xeográfico e aplicándoo ao coñecemento do contorno.
3. Coñecer as características dos diferentes medios naturais existentes en Galicia e en España, identificando os trazos xeográficos que os definen, poñéndoos en relación cos espazos europeos e mundiais.
4. Comprender a distribución, estrutura e dinámica da poboación e analizar criticamente as situacións de desigualdade e discriminación socioeconómica, de xénero e étnico-cultural, e mais a súa pegada na configuración do territorio creando situacións de segregación espacial.
5. Analizar os distintos modos de explotación dos recursos, así como as actividades produtivas e os seus impactos territoriais e ambientais, recoñecendo a interrelación entre o medio e os grupos humanos como xeradora de espazos xeográficos diferenciados.
6. Interesarse activamente pola calidade do medio natural, ser conscientes da inestabilidade dos medios xeográficos de Galicia e España no contexto europeo e mundial e dos problemas derivados de certas actuacións humanas, así como entender a necesidade, ambientais e de xestión de recursos acordes co desenvolvemento sostible.
7. Comprender as relacións que existen entre os territorios que integran España, e destes coa Unión Europea, desenvolvendo actitudes de coñecemento, aprecio e cooperación cara aos espazos próximos e afastados, superando os estereotipos e prexuízos.
8. Explicar a posición de España e de Galicia nun mundo interrelacionado, no que coexisten procesos de uniformación da economía e de crecente desigualdade socioeconómica.
9. Comprender e analizar a realidade xeográfica galega, a súa diversidade interna, a inserción en España e Europa desde unha posición periférica e as relacións co resto do mundo, marcadas historicamente pola emigración.

CONTIDOS

UNIDADES TEMÁTICAS

Tema 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico

- O espazo, obxecto de estudo para a Xeografía
- As características do espazo xeográfico
- A representación da información xeográfica
- A representación gráfica do espazo: técnicas cartográficas

Tema 2 . A diversidade física de España.

- Tipos de unidades morfoestruturais
- A evolución xeolóxica peninsular
- O rochedo e os tipos de relevo
- As grandes unidades morfoestruturais do relevo peninsular: a Meseta e as unidades interiores. Os rebordos da Meseta. As unidades exteriores: cordilleiras e depresións.
- O relevo costeiro.
- O relevo insular: Baleares e Canarias.

Tema 3 A diversidade climática e a vexetación de España

- Os mecanismos que inciden nos climas.
- Os factores que inflúen en climas: factores xeográficos e termodinámicos.
- O clima oceánico ou atlántico.
- O clima mediterráneo.
- O clima continental ou mediterráneo continentalizado.
- O clima de alta montaña.
- O clima subtropical ou canario.
- O quecemento climático e a desertización.

Tema 4. A diversidade hídrica

- A diversidade hídrica e as concas hidrográficas.
- Políticas hidráulicas.

Tema 5. As paisaxes naturais e as e as interrelacións natureza e sociedade

- Biodiversidade e acción antrópica.
- Paisaxes naturais e paisaxes culturais de España.
- Políticas de conservación e protección: contaminación, pegada ecolóxica e cambio climático.

Tema 6. O espazo rural

- Da agricultura tradicional á agricultura de mercado.
- O poboamento rural e o traballo agrario.
- As paisaxes agrarias: atlántica, de interior, mediterránea, de montaña e insular.
- A política agraria da Unión Europea.
- A actividade pesqueira.

Tema 7. Industria e a construción

- Os recursos enerxéticos e mineiros en España.
- A reestruturación industrial en España.
- O modelo actual de desenvolvemento industrialización: cambios tecnolóxicos e administrativos.
- A industria española no contexto europeo e mundial.
- Os sectores industriais.
- A construción.

Tema 8. O sector servizos

- Características e clasificación dos servizos.
- A distribución do sector servizos en España.
- A terciarización da industria.
- O impacto das infraestruturas.
- O transporte: funcións e redes de transporte.
- As políticas de transporte.
- O turismo, a cultura e o ocio.
- O impacto do turismo: niveles económico e social.
- O comercio e os intercambios: comercio interior, exterior e a balanza de pagamentos.
- Os medios de comunicación.

Tema 9. A poboación española

- O estudo da poboación.
- A transición demográfica.
- Características da poboación española.
- A estrutura da poboación española.
- A distribución da poboación no territorio.
- A poboación activa.
- O envellecemento demográfico: causas e consecuencias.

Tema 10. Mobilidade demográfica e fluxos migratorios

- As migracións.
- Migracións exteriores.
- Migracións interiores.
- As políticas migratorias de España.
- O debate sobre a inmigración.

Tema 11. O espazo urbano

- O concepto de cidade.
- Os axentes sociais e a súa influencia na cidade.
- O espazo urbano: especulación, valor de uso e valor de cambio.
- Urbanismo e planificación urbana. A vivenda.
- Morfoloxía urbana: os planos das cidades.
- Funcións urbanas.

Tema 12. O proceso de urbanización e as redes urbanas

- A cidade contemporánea: cidade industrial e cidade postindustrial.
- As transformacións recentes nas cidades.
- O impacto ambiental da urbanización.
- Xerarquía e redes urbanas.
- O impacto humano: as cidades sostibles.

Tema 13. A organización territorial de España

- A participación democrática.
- A división de poderes.
- Organización territorial do Estado español.
- Desequilibrios e contrastes territoriais.
- As Comunidades Autónomas e as Políticas rexionais e cohesión territorial.

Tema 14. España en Europa e no mundo

- As organizacións internacionais.
- As institucións internacionais.
- A Unión Europea.
- España no contexto europeo.
- España no contexto global.
- España no contexto xeopolítico mundial.

TEMPORALIZACIÓN

Primeira avaliación

- Tema 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico
- Tema 2 . A diversidade física de España.
- Tema 3 A diversidade climática e a vexetación de España
- Tema 4. A diversidade hídrica

Segunda avaliación

- Tema 5. As paisaxes naturais e as e as interrelacións natureza e sociedade
- Tema 6. O espazo rural
- Tema 7. Industria e a construción
- Tema 8. O sector servizos.

Terceira avaliación

- Tema 9. A poboación española.
- Tema 10. Movilidade demográfica e fluxos migratorios
- Tema 11. O espazo urbano
- Tema 12. O proceso de urbanización e as redes urbanas
- Tema 13. A organización territorial de España
- Tema 14. España en Europa e no mundo.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
<p style="text-align: center;">P R I M E R A</p>	<p style="text-align: center;">Tema 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico</p>	<p>B1.1.1. Describe a finalidade do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos.</p> <p>B1.2.1. Identifica as paisaxes xeográficas.</p> <p>B1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas.</p> <p>B1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica.</p> <p>B1.4.1. Extrae información do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo.</p> <p>B1.4.2. Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas.</p> <p>B1.5.1. Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural.</p> <p>B1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico.</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Traballa con imaxes: identifica paisaxes xeográficas diversas e describe as características máis salientables de cada unha delas.</p> <p>3. Traballa con mapas: identifica os elementos presentes e comenta o mapa topográfico español.</p> <p>4. Establece semellanzas e diferenzas entre diferentes paisaxes naturais e culturais.</p> <p>5. Realiza un cadro comparativo entre os elementos e a información aportada polos planos e aquela que aportan os mapas</p>	<p>1. Definir brevemente conceptos relativos o espazo xeográfico.</p> <p>2. Describir e analizar as paisaxes xeográficas, paisaxes naturais e paisaxes culturais.</p> <p>3. Analizar documentos coma mapas topográficos e planos a diferentes escalas.</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
<p style="text-align: center;">P R I M E R A</p>	<p style="text-align: center;">Tema 2 . A diversidade física de España.</p>	<p>B2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características.</p> <p>B2.2.1. Identifica e representa nun mapa os elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular.</p> <p>B2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España.</p> <p>B2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas.</p> <p>B2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español.</p> <p>B2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte.</p> <p>B2.7.1. Enumera e describe os elementos constitutivos dos tipos de solo de España.</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Traballo con mapas físicos: localización de formas do relevo peninsular e insular.</p> <p>3. Comprensión de procesos: síntese cronolóxica e explicativa da formación de España.</p> <p>4. Traballo con mapas: mapa litolóxico de España.</p> <p>5. Traballo con bloques diagrama: modelados granítico, calcáreo, arxiloso e relevos pregados.</p> <p>6. Comentario de perfís topográficos de España e Galicia.</p> <p>7. Interpreta imaxes: identifica e comenta formas do relevo español.</p>	<p>1. Definir e explicar brevemente conceptos relativos ao relevo español.</p> <p>2. Analizar, caracterizar e explicar o relevo español.</p> <p>3. Localizar e identificar en mapas fenómenos referidos ao relevo español e galego.</p> <p>4. Valorar a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español e reflexionar sobre a importancia do relevo para a actividade humana</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
<p style="text-align: center;">P R I M E R A</p>	<p style="text-align: center;">Tema 3. A diversidade climática e a vexetación de España</p>	<p>B3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España.</p> <p>B3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos.</p> <p>B3.3.1. Representa e comenta climogramas específicos de cada clima.</p> <p>B3.4.1. Comenta as características dos climas españois a partir dos seus climogramas representativos.</p> <p>B3.5.1. Enumera os trazos dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas.</p> <p>B3.5.2. Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os tipos de tempo atmosférico.</p> <p>B3.6.1. Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente.</p> <p>B3.7.1. Analiza como afecta a España o cambio climático.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Definición dos termos máis importantes da unidade. 2. Traballo con mapas: identifica e localiza os centros de acción e masas de aire que afectan ao tempo en España. 3. Localiza no mapa os dominios climáticos de España. 4. Establece relacións entre o relevo, a posición xeográfica e os dominios climáticos de España. 5. Traballo con climogramas e mapas de distribución de temperaturas e precipitacións. 6. Comprensión de procesos: factores e elementos dos climas de España e Galicia 7. Aplicación dos coñecementos á vida cotiá: búsqueda de actividades desenvolvidas por Aemet e Meteogalicia e valora a importancia na vida cotiá. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Definir brevemente os principais termos relativos ao tempo e o clima de España. 2. Analizar e explicar os principais factores e elementos do clima, os tipos de tempo e os dominios climáticos de España. 3. Localizar e identificar en mapas fenómenos referidos ao tempo e ao clima de España. 4. Apreciar a diversidade climática de España e a importancia da información meteorolóxica e climatolóxica. 5. Analizar, caracterizar e localizar os principais trazos do clima en Galicia e os distintos tipos climáticos do territorio galego.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
P R I M E I R A		<p>B3.7.2. Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais.</p> <p>B3.8.1. Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características.</p> <p>B3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparezan.</p> <p>B3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie.</p>	<p>8. Traballo con mapas: identifica e comenta os dominios vexetais de España e Galicia.</p> <p>9. Traballo con mapas: comenta unha cliserie dos Pirineos, Teide...</p>	
	<p>Tema 4. A diversidade hídrica</p>	<p>B4.1.1. Explica a diversidade hídrica en España.</p> <p>B4.2.1. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais.</p> <p>B4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.</p> <p>B4.4.1. Localiza nun mapa as zonas húmidas españolas, e debate un aspecto de actualidade sobre este tema.</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Traballo con mapas: identifica e localiza os principais lagos, humidais, ríos e cuncas fluviais de España e Galicia.</p> <p>3. Traballo con gráficas: comentario de hidrogramas (ríos de réxime nival, pluvial e mixtos).</p>	<p>1. Definir brevemente os principais conceptos relativos ás augas en España.</p> <p>2. Localizar en mapas fenómenos referidos ás augas en España.</p> <p>3. Valorar a diversidade hidrográfica de España e o seu aproveitamento como recurso.</p> <p>4. Valorar a diversidade hidrográfica de Galicia e localizar en mapas.</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
		B4.5.1. Sitúa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros, e deduce consecuencias, analizando tamén as características climáticas.	4. Obtén e elabora información acerca da da problemática dos recursos hídricos en España e posibles solucións.	
S E G U N D A	Tema 5: As paisaxes naturais e as e as interrelacións natureza e sociedade	B5.1.1. Distingue as características dos grandes conxuntos paisaxísticos españois. B5.3.1. Diferenza as paisaxes humanizadas das naturais.	1. Definición dos termos máis importantes da unidade. 2. Traballo con mapas: localiza e comenta en mapas as paisaxes naturais oceánica, mediterránea, canaria e de montaña. 3. Traballo con mapas: comenta mapas de áreas afectadas por riscos naturais (sísmicos, volcánicos, climáticos) e problemas ambientais (desertización, contaminación...), así coma de espazos protexidos en España. 4. Traballo con imaxes: compara paisaxes vexetais e humanizadas. 5. Comprensión de procesos: cómo inflúen os elementos do medio natural no poboamento e no hábitat, e nas actividades humanas.	1. Definir brevemente os principais conceptos relativos ás paisaxes naturais en España. 2. Describir e analizar as paisaxes naturais de España e as interrelacións entre o medio natural e a actividade humana. 3. Localizar en mapas as paisaxes naturais de España

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
S E G U N D A	Tema 6: O espazo rural	<p>B7.1.1. Identifica as actividades agropecuarias e forestais.</p> <p>B7.1.2. Diferencia as actividades do sector primario doutras actividades económicas.</p> <p>B7.2.1. Sitúa nun mapa a distribución dos principais aproveitamentos agrarios.</p> <p>B7.2.2. Achega os aspectos do pasado histórico que incidiron nas estruturas agrarias españolas.</p> <p>B7.3.1. Selecciona e comenta imaxes que poñen de manifesto as características das paisaxes agrarias españolas.</p> <p>B7.4.1. Define historicamente, de forma sumaria, a estrutura da propiedade</p> <p>B7.5.1. Identifica e analiza as características das paisaxes agrarias españolas.</p> <p>B7.6.1. Achega datos ou gráficos de aspectos estruturais que expliquen o dinamismo dun sector agrario dado.</p> <p>B7.6.2. Comenta textos xornalísticos que expliquen a situación española na PAC</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Traballo con imaxes: localiza e comenta paisaxes agrarias do norte peninsular, mediterráneo interior e costeiro, montaña e Canarias.</p> <p>3. Traballo con gráficos e táboas de datos estatísticos sobre as actividades primarias, a súa importancia na economía, evolución e as políticas agropecuarias de España e Galicia.</p> <p>4. Traballo con textos: comparativa da primeira PAC en relación á actual en canto a contexto, obxectivos e medidas; os problemas actuais da actividade pesqueira; obxsectvos da PCC...</p> <p>5. Traballo con mapas: localiza e comenta as principais rexións pesqueiras de España e Galicia.</p>	<p>1. Definir brevemente os principais conceptos relativos aos espazos rural e pesqueiro de España.</p> <p>2. Analizar e comentar as actividades agropecuarias e pesqueiras.</p> <p>3. Localizar en mapas as paisaxes agrarias, os aproveitamentos agropecuarios e as rexións pesqueiras de España.</p> <p>4. Valorar os espazos rurais e pesqueiros, tomar conciencia dos seus problemas e as súas posibles solucións.</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
S E G U N D A		<p>B7.7.1. Establece as características e as peculiaridades da actividade pesqueira española e galega.</p> <p>B7.7.2. Selecciona e analiza novas xornalísticas que tratan problemas pesqueiros e identifica a súa orixe.</p> <p>B7.8.1. Confecciona gráficos comparativos do peso específico no PIB das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas fronte a outros sectores de actividade.</p>	<p>6. Comprensión de procesos: cómo afectan os condicionantes ás actividades, paisaxes, problemas e dinámicas do espazo rural e pesqueiro.</p>	
	Tema 7: Industria e a construción	<p>B8.1.1. Selecciona e analiza información sobre os problemas e a configuración da industria española.</p> <p>B8.1.2. Establece un eixe cronolóxico para explicar a evolución histórica da industrialización española.</p> <p>B8.1.3. Selecciona e analiza imaxes que amosen a evolución histórica da industria española nunha zona concreta ou dun sector concreto.</p> <p>B8.2.1. Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Traballo con mapas: localiza e comenta áreas mineiras, enerxéticas e industriais de España e Galicia.</p> <p>3. Traballo con mapas: comenta a evolución histórica das áreas e eixes industriais en España e Galicia.</p> <p>4. Comprensión de procesos: factores que influíron no proceso da industrialización española ata a actualidade.</p>	<p>1. Definir brevemente termos relativos ás materias primas, fontes de enerxía e a industria en España e Galicia.</p> <p>2. Analizar e explicar o proceso de industrialización e os trazos da industria actual en España e Galicia.</p> <p>3. Localizar os recursos mineiros e enerxéticos e a produción enerxética de España e Galicia</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
S E G U N D A	Tema 7: Industria e a construción	<p>B8.3.1. Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais.</p> <p>B8.3.2. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais.</p> <p>B8.4.1. Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais.</p> <p>B8.5.1. Sinala nun mapa os asentamentos industriais máis importantes, distinguindo entre os sectores industriais.</p> <p>B8.5.2. Localiza e describe as rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial.</p> <p>B8.5.3. Describe os eixes ou focos de desenvolvemento industrial, e as súas perspectivas de futuro.</p> <p>B8.6.1. Describe as políticas industriais da Unión Europea e a súa influencia nas españolas.</p>	<p>5. Traballo con imaxes: comenta diferentes paisaxes industriais de España: modos de produción, sectores industriais, problemas da industria (laborais, ambientais...)</p> <p>6. Traballo con gráficos e táboas estatísticas sobre a importancia da industria e dos sectores enerxéticos na economía do país, evolución do consumo e produción enerxética, a crise industrial de 1975, a reconversión e a reindustrialización...</p> <p>7. Traballo con textos: comenta textos sobre as políticas industriais da UE e a influencia na política industrial española.</p>	<p>4. Valorar os espazos mineiros, enerxéticos e industriais, analizar os seus problemas e formular posibles solucións.</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
S E G U N D A	Tema 8: O sector servizos	<p>B9.1.1. Identifica as características do sector terciario español.</p> <p>B9.2.1. Explica a incidencia do sector servizos para a economía española.</p> <p>B9.3.1. Describe como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos).</p> <p>B9.3.2. Comenta sobre un mapa de transportes a transcendencia que este sector ten para articular o territorio.</p> <p>B9.3.3. Describe e analiza mapas que reflectan un sistema de transporte determinado.</p> <p>B9.3.4. Distingue nun mapa os principais nodos de transporte español.</p> <p>B9.3.5. Resolve problemas formulados nun caso específico sobre vías de comunicación no noso país.</p> <p>B9.4.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento comercial.</p> <p>B9.5.1. Analiza e explica as desigualdades do espazo turístico.</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Comprensión de procesos: o proceso de terciarización da economía, causas e consecuencias; características das actividades terciarias...</p> <p>3. Traballo con gráficos e táboas estatísticas sobre a importancia do sector terciario na economía de España e Galicia.</p> <p>4. Traballo con mapas: localiza e comenta as principais infraestruturas e nodos do transporte terrestre, marítimo e aéreo, a súa problemática, o PEIT...</p> <p>5. Traballo con imaxes: localiza e comenta diferentes paisaxes turísticas de España, consecuencias do turismo sobre a economía, as infraestruturas, o medioambiente...</p> <p>6. Traballo con gráficas e táboas estatísticas sobre a importancia do turismo e a evolución na ocupación turística: áreas de densidade turística..</p> <p>7. Traballo con gráficas e táboas estatísticas sobre os intercambios comerciais.</p>	<p>1. Definir brevemente conceptos relativos a os espazos de servizos en España.</p> <p>2. Analizar e explicar o proceso de terciarización e as actividades principais en España e Galicia.</p> <p>3. Localizar en mapas nodos e infraestruturas de transporte; os principais espazos turísticos e as áreas máis destacadas do comercio interior e exterior.</p> <p>4. Valorar a importancia dos transportes na articulación do territorio</p> <p>5. Recoñecer os problemas que afectan ás actividades terciarias e propoñer solución.</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
T E R C E I R A	Tema 9: A poboación española	<p>B6.1.1. Utiliza as ferramentas de estudo da poboación.</p> <p>B6.2.1. Comenta a pirámide actual de poboación española e compáraa con algunha dun período anterior ou de previsións futuras.</p> <p>B6.2.2. Distingue as pirámides de poboación na súa evolución histórica.</p> <p>B6.3.1. Aplica a teoría da transición demográfica ao caso español.</p> <p>B6.3.2. Elixe datos e taxas demográficas que amosen a configuración da poboación dun territorio.</p> <p>B6.4.1. Comenta o mapa da densidade de poboación actual en España.</p> <p>B6.6.1. Compara e comenta a poboación das rexións que medran e as que diminúen a súa poboación.</p> <p>B6.7.1. Analiza un gráfico da estrutura da poboación española.</p> <p>B6.8.1. Resolve problemas de demografía referidos ao cálculo de taxas de poboación.</p> <p>B6.9.1. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Traballo con gráficos: analiza a evolución da poboación española a través das pirámides de poboación de 1900, 1950, 1975, 2000 e 2015.</p> <p>3. Traballo con gráficas: analiza a evolución da poboación española a través dalgunha gráfica onde se represente a transición demográfica .</p> <p>4. Traballo con mapas: localiza e comenta áreas de alta e baixa densidade demográfica, causas, consecuencias...</p> <p>5. Traballo con táboas estatísticas: calcula diferentes taxas demográficas: masculinidade, fecundidade, densidade de poboación, poboación activa...</p> <p>6. Comprensión de procesos: cómo a demografía se relaciona con factores físicos, económicos e políticos.</p> <p>7. Interpreta e defende información ofrecida polo INE sobre a poboación española no último censo de 2011</p>	<p>1. Definir brevemente os principais conceptos relativos á poboación española e galega.</p> <p>2. Analizar e explicar os trazos da distribución, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.</p> <p>3. Localizar en mapas e gráficos os principais trazos relacionados coa evolución e os movementos da poboación española e galega.</p> <p>4. Coñecer os principais problemas demográficos e as consecuencias cara o futuro.</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
T E R C E I R A		B6.10.1. Presenta e defende información sobre a poboación española salientando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas, pirámides, etc., nunha presentación informática ou en exposicións en directo.		
	Tema 10: Movilidade xeográfica e fluxos migratorios	<p>B6.5.1. Explica os procesos migratorios antigos que afectan a España.</p> <p>B6.5.2. Identifica e analiza as migracións recentes.</p> <p>B6.5.3. Explica as relacións entre comunidades autónomas en relación coas migracións interiores.</p> <p>B6.6.1. Compara e comenta a poboación das rexións que medran e as que diminúen a súa poboación.</p> <p>B6.7.1. Analiza un gráfico da estrutura da poboación española.</p> <p>B6.8.1. Resolve problemas de demografía referidos ao cálculo de taxas de poboación.</p> <p>B6.9.1. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española.</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Traballo con gráficos: analiza a evolución dos movementos migratorios dende o século XIX ata a actualidade.</p> <p>3. Traballo con mapas: localiza e comenta mapas de fluxos cas diferentes áreas entre as que se producen migracións interiores, causas, consecuencias demográficas e económicas...4. Traballo con táboas estatísticas: calcula diferentes taxas demográficas: emigración e inmigración.</p> <p>5. Traballo con textos: comenta as diferentes consecuencias que achegan na actualidade os movementos migratorios criticando calquera forma de discriminación.</p>	<p>1. Definir brevemente termos relacionados con movementos migratorios da poboación española e galega.</p> <p>2. Analizar e comentar as características relativas aos movementos migratorios e as tendencias de futuro en España e Galicia.</p> <p>3. Localizar en mapas e analizar gráficos trazos relacionados co movemento natural e os movementos migratorios da poboación española e galega.</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
T E R C E I R A		B6.10.1. Presenta e defende información sobre a poboación española salientando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas, pirámides, etc., nunha presentación informática ou en exposicións en directo.		
	Tema 11: O espazo urbano	<p>B10.1.1. Define cidade e achega exemplos.</p> <p>B10.2.1. Analiza e explica o plano da cidade máis próxima ao lugar de residencia, ou a máis significativa.</p> <p>B10.3.1. Identifica as características do proceso de urbanización.</p> <p>B10.3.2. Explica e propón exemplos de procesos de planificación urbana.</p> <p>B10.4.1. Sinala a influencia histórica no plano das cidades españolas.</p> <p>B10.4.2. Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta.</p> <p>B10.5.1. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica.</p> <p>B10.5.2. Selecciona e analiza imaxes que expliquen a morfoloxía e a estrutura urbana dunha cidade coñecida.</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Traballo con cadros de síntese: compara a evolución da cidade nas etapas preindustrial, industrial e postindustrial.</p> <p>3. Traballo con mapas: analiza a morfoloxía urbana a través de diferentes planos: Santiago de Compostela, Vigo, Madrid, Barcelona, Vitoria...</p> <p>4. Traballo con imaxes: localiza e analiza a morfoloxía e a estrutura urbana de diferentes cidades a través de fotografías diversas</p>	<p>1. Definir brevemente conceptos relativos ao espazo urbano.</p> <p>2. Describir e analizar o proceso de urbanización e a morfoloxía urbana do sistema urbano de España e Galicia.</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
T E R C E I R A	Tema 12: O proceso de urbanización e as redes urbanas	<p>B10.6.1. Explica a xerarquización urbana española.</p> <p>B10.7.1. Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea.</p> <p>B10.8.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas que amosen a configuración e a problemática do sistema urbano español.</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Traballo con mapas: localiza e comenta mapas de xerarquía e eixes urbanos de España e Galicia.</p> <p>3. Traballo con textos: cidade difusa, xentificación, problemas urbanos diversos...</p>	<p>1. Definir brevemente conceptos relativos ás redes urbanas.</p> <p>2. Localizar en mapas as principais cidades e os eixes urbanos de España e Galicia.</p> <p>3. Analizar e comentar os principais problemas do sistema urbano español e galego na actualidade.</p>
	Tema13: A organización territorial de España	<p>B11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma.</p> <p>B11.2.1. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais.</p> <p>B11.2.2. Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978.</p> <p>B11.2.3. Compara a ordenación territorial actual e a da primeira metade do século XX.</p> <p>B11.2.4. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España.</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Traballo con mapas: localiza as comunidades autónomas e as provincias de España cas suas correspondentes capitais e símbolos; compara da ordenación territorial de España no século XIX e actual.</p> <p>3. Traballo con gráficos e táboas estatísticas: analiza as diferencias existentes entre as Autonomías: réxime de financiamento foral e común; PIB; crecemento demográfico e social...</p>	<p>1. Definir brevemente conceptos relativos á organización, desequilibrios e políticas territoriais de España.</p> <p>2. Analizar e explicar a organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España.</p> <p>3. Localizar en mapas as divisións político-administrativas de España.</p> <p>4. Valorar a descentralización político-administrativa e recoñecer os desequilibrios territoriais así coma as actuacións encamiñadas a palialos.</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
T E R C E I R A		<p>B11.3.1. Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española.</p> <p>B11.4.1. Explica as políticas territoriais que practican as comunidades autónomas en aspectos concretos.</p> <p>B11.5.1. Distingue os símbolos que diferencian as comunidades autónomas.</p> <p>B11.5.2. Explica razoadamente os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas.</p>	<p>4. Comprensión de procesos: explica a relación entre os desequilibrios existentes en España e os beneficios do Fondo de Compensación Interterritorial.</p> <p>5. Traballo con textos: artigos da Constitución de 1978 relativos a fincemento autonómico, vías seguidas polas comunidades para acceder á autonomía, dereitos dos cidadáns...</p>	
	<p>Tema 14: España en Europa e no mundo</p>	<p>B12.1.1. Localiza nun mapa as grandes áreas xeoeconómicas e sinala aquelas coas que España ten máis relación.</p> <p>B12.1.2. Identifica aspectos salientables de España na situación mundial.</p> <p>B12.1.3. Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais.</p> <p>B12.2.1. Explica a posición de España na Unión Europea.</p>	<p>1. Definición dos termos máis importantes da unidade.</p> <p>2. Traballo con mapas: identifica e localiza os principais accidentes do relevo europeo; bioclimas; estados membros da UE e capitais.</p> <p>3. Traballo con textos: a constitución da UE; a integración de España na UE; Unión Económica e Monetaria; órganos de goberno e funcionamento da UE...</p>	<p>1.- Definir brevemente os principais conceptos relativos á integración de España e Galicia na Unión europea.</p> <p>2. Analizar e comentar os contrastes físicos e socioeconómicos de Europa e a posición de España na UE.</p> <p>3. Localizar en mapas os elementos físicos e os estados que compoñen a Unión Europea.</p>

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles
T E R C E I R A	Tema 14: España en Europa e no mundo	<p>B12.3.1. Extrae conclusións das medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España.</p> <p>B12.3.2. Comenta novas xornalísticas ou textos que explican a posición de España na Unión Europea.</p> <p>B12.4.1. Identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afecten a España.</p> <p>B12.5.1. Confecciona cadros comparativos da aplicación a casos concretos dos conceptos de mundialización e de diversidade territorial.</p> <p>B12.6.1. Explica as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica.</p>	<p>4. Eixe cronolóxico sobre o proceso de ampliación europeo.</p> <p>5. Traballo con gráficos e táboas estatísticas: o crecemento da poboación europea; o reparto dos fondos de cohesión territorial</p> <p>6. Traballo con textos: Obxectivos do Milenio; Cumio do Milenio; Asociación Euromediterránea; Globalización e Movementos Antiglobalización...</p>	<p>4. Valorar os procesos de integración e ampliación da UE e opinar sobre as políticas comunitarias.</p>

Procedementos e instrumentos de avaliación

No proceso de avaliación diferenciaremos tres momentos:

1. Avaliación inicial: se levará a cabo ao comezo de cada unidade didáctica, para coñecer e para rexistrar as habilidades, actitudes, dificultades e coñecementos do alumno respecto dos novos contidos que se van a tratar e para apreciar e para valorar as diferenzas que existan dentro do grupo.

Medios que se utilizarán:

- análise da documentación existente no centro sobre os alumnos.
- cuestionarios iniciais sobre os contidos a tratar.
- batería de preguntas con respostas orais ou escritas.
- visionado de documentos: imaxes, gráficas variadas (climogramas, mapas do tempo, pirámides de poboación, planos urbanos, gráfica de sectores, táboas estatísticas...).

2. Avaliación formativa: aplicarase durante o proceso de aprendizaxe, mediante a observación sistemática, levada a cabo con:

- Actividades habituais na aula, tanto individuais coma en grupo.
- Observación por parte do profesorado da actitude e o traballo dos alumnos.
- Formulación de preguntas.
- Diarios ou cadernos de clase.

3. Avaliación sumativa: se comprobará o grao de consecución dos obxectivos fixados para o período de tempo de que se trate en función das aprendizaxes realizadas e tendo en conta os estándares de aprendizaxe establecidos. Esta fase permitirá detecta os avances, as dificultades e os erros conceptuais dos alumnos antes de abordar a seguinte secuencia de aprendizaxe, así como constatar a validez da programación.

Procedementos de avaliación en Xeografía:

- Definición de termos xeográficos.
- Os relacionados coa localización e comprensión de conceptos.
- A relación entre fenómenos xeográficos.
- Resumo de lecturas críticas.
- Os que reflicten ou valoren a expresión do alumnado, a comprensión de mensaxes, a utilización crítica das fontes de información ó seu alcance e a adaptación o seu vocabulario do aprendido.

Instrumentos para a avaliación por competencias :

Os instrumentos empregados para a avaliación do alumnado reunirá os seguintes requisitos:

- Serán probas variadas que permitan avaliar a adquisición das competencias a través de distintos instrumentos: elaboración de temas amplos, comentarios de textos, gráficos, series estatísticas, imaxes, mapas, definicións.... Se dará tempo suficiente para a realización das probas e a fácil interpretación das instrucións e preguntas.
- Proporcionarán información do que se pretende avaliar , de forma que a súa corrección e avaliación poida ser o mais exacta posible.
- Usarán distintos códigos: gráficos, escritos, icónicos...
- Permitirán comprobar a utilidade do aprendido en contextos distintos daqueles nos que se adquiriron.

Ferramenta de avaliación	Peso na cualificación
<p>- Exames (dous por avaliación) que constarán de unha pregunta de definicións, unha práctica e unha pregunta teórica.</p> <p>- Se deberá obter unha nota mínima de 3,5 para facer media entre eles.</p> <p>- Correcta utilización da lingua escrita así como da ortografía. Este aspecto valorarase ata un punto. Penalizaranse tanto a defectuosa redacción como os faltas de ortografía: 0,1 puntos cada erro ortográfico.</p>	85%
<p>-Actividades escritas e prácticas obrigatorias de cada unidade, que requiren traballo na casa e a súa entrega nos prazos que se determinen.</p> <p>-A limpeza, o coidado e a orde nos traballos.</p> <p>- Correcta utilización da lingua escrita así como da ortografía. Este aspecto valorarase ata un punto. Penalizaranse tanto a defectuosa redacción como os faltas de ortografía: 0,1 puntos cada erro ortográfico.</p> <p>-A realización das prácticas e comentarios voluntarios que se propoñan.</p> <p>- Participación na clase: preguntas, comentarios de imaxes, gráficos, textos...</p>	15%

A nota de cada avaliación será o resultado dos parámetros anteriores, e para sumar o máximo do 15 % da ponderación en cada avaliación será necesario que os dous exames teñan como mínimo un 3,5. Non se aprobará un exame con unha pregunta en branco.

Si nos controis non se acada unha nota de 3,5 puntos, levarase a cabo unha avaliación continua dentro de cada trimestre. Iso significa que en cada exame tamén entrará a materia correspondente aos temas anteriores. Así, o segundo exame terá un valor dobre ao primeiro.

Desta forma cada exame realizado supoñerá unha recuperación da materia anterior.

A nota final do curso será a media da nota de cada avaliación, coa condición de que todas teñan como mínimo un 5. O alumnado que non supere a materia en maio, terá unha proba extraordinaria en xuño na que entrará a materia desenvolvida durante todo o curso e que representará o 100% da cualificación .

O alumnado pode perder o dereito a avaliación continúa cando haxa un abandono da asignatura. Considerase “abandono” cando concurran as circunstancias seguintes: non asistir a clase de maneira regular o faltar a clase (sen xustificación) o dobre de días que a materia ten por semana, sendo estas faltas computables para todo o ano e non para o trimestre. Este alumnado terá dereito a facer unha proba final de toda a materia en maio e se non a supera, en setembro.

Sistema de recuperación de avaliacións pendentes.

Para a recuperación das avaliacións pendentes realizarase un exame, logo de cada avaliación. A recuperación será sempre de avaliacións completas. O exame será das mesmas características que o da avaliación, e será o 85% da nota. Os traballos que sexan cualificados negativamente terán que corrixirse (15 % da nota).

Metodoloxía

A presente programación baséase na concepción construtivista da aprendizaxe. No caso da Xeografía de España tratarase de afondar os contidos desenvolvidos en 1º e 3º da ESO e polo tanto adquiridos e interiorizados para avanzar nunha aprendizaxe máis reflexiva e autónoma. Os contidos desenvolvidos permitirán ao alumnado dispor das claves interpretativas para comprender o espazo xeográfico e a complexidade dos procesos territoriais e polo tanto están destinados a acadar as competencias básicas xa formuladas na secundaria.

Os contidos formulados en capacidades deben conformar un conxunto de accións, que inclúen destrezas, técnicas, habilidades e métodos. Partirase da presentación do modelo, explicando a continuación os pasos a seguir e realizándoos, achegando o profesor a axuda oportuna, se é necesario, e repetindo cada alumno as accións ou secuencias de accións de xeito significativo ata que os leve a cabo de forma autónoma, de tal maneira que o procedemento estea adquirido.

A aprendizaxe de feitos e o datos, realizarase mediante actividades que comportan unha memorización por repetición verbal, a cal será máis sinxela e produtiva se os feitos teñen un significado para o alumno, deberán presentar unha correcta organización lóxica e permitan relacionalos con outros contidos. Para comprender un concepto estableceranse relacións significativas entre este e outros conceptos o que suporá unha comprensión gradual.

Igualmente se traballará para fomentar a capacidade do alumnado para aprender por sí mesmo, sendo consciente do proceso da súa aprendizaxe, ao tempo que se tratará de propoñer traballos en equipo, así coma outros orientados a espertar a motivación do alumnado o cal se intentará con actividades que amosen aplicacións na vida cotiá.

En cada unidade temática haberá varias fases no seu desenvolvemento. Procurarase ao comezo de cada unha delas desenvolver actividades de motivación e indagación nos coñecementos previos dos alumno; a continuación presentaranse actividades problemáticas, fomentaranse as respostas intuitivas, darase información, proporanse investigacións, extraeranse conclusións, etc; para rematar, faranse xeneralizacións, aplicaranse os novos coñecementos ás novas situacións, levará a cabo a memorización comprensiva e a avaliación do progreso nas aprendizaxes.

Como metodoloxía concreta para a asignatura de Xeografía se propón:

- A interpretación de documentos escritos, gráficos, mapas e imaxes que caracterizan a linguaxe xeográfica. Procurarase que o alumnado vaia construíndo as súas propias opinións e argumentos cunha lóxica de razoamento, o máis rigorosa posible.
- Descrición de paisaxes diferenciadas, rexións ou contornas susceptibles de análises onde predominen as relacións ser humano/medio natural.
- Análise de fluxos e movementos espaciais, que xeran áreas nodales e outras centrífugas.
- A Xeografía terá unha proxección social. Calquera análise xeográfica debe considerar os valores e comportamentos que se producen sobre o espazo. Actualmente emítese e recibe unha gran información de carácter xeoespacial a través das tecnoloxías da información. Esta información sumínistrase ao alumnado, procurando que este descubra nela un motivo para razoar o espazo e suscitar actitudes de comportamento ante el.

- Existirá unha íntima conexión coa Historia (Universal e de España), así como con outras disciplinas das ciencias sociais (Socioloxía, Economía, Antropoloxía). Igualmente dada a especificidade da Xeografía, é factible a relación coa Ciencias Naturais, en especial no relativo a ecosistemas e recursos naturais.

Materiais e recursos didácticos

- Información escrita e oral facilitada polo profesor.
- Caderno de clase: imprescindible para anotar o traballo de clase.
- Planos, mapas e atlas.
- Mapas variados: meteorolóxicos, litolóxicos, climáticos, de vexetación...
- Material audiovisual e TICs, tanto para a realización de traballos por parte do alumnado como para facer presentacións dos temas por parte do profesor. Utilizarase o correo electrónico para a comunicación entre o alumnado e o profesor .